UNIÓN DE COOPERATIVAS
GALEGAS ESPAZOCOOP

# MEMORIA SOCIAL 2019



# CONTIDOS


02 PRESENTACIÓN

03 MISIÓN, VISIÓN E VALORES

04 AS SOCIAS EN CIFRAS

06 DIVULGACIÓN E PROMOCIÓN COOPERATIVA

12 CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN COOPERATIVA

32 REPRESENTACIÓN

39 COMUNICACIÓN

43 INFORMACIÓN ECONÓMICA

45 ESTRUTURA SOCIAL E TÉCNICA

47 LISTADO DE COOPERATIVAS SOCIAS





# PRESENTACIÓN

Presentámosvos a Memoria da xestión social de EspazoCoop relativa ao ano 2019, ano no que continuou o desenvolvemento dun Plan de Traballo basado no Plan Estratéxico 2016-2019, definido e aprobado pola Unión.

A memoria permite por en valor a organización, e é unha forma de comunicar ás cooperativas que se fai.

A **Unión de Cooperativas EspazoCoop** é unha asociación de carácter empresarial, multisectorial, e sen ánimo de lucro, que actúa en Galicia. Integra a cooperativas galegas de distintos tipos (traballo asociado, ensino, consumo, servizos ...), e inspírase nos principios e valores do movemento cooperativo e da economía social e solidaria. A Unión, fai parte do movemento cooperativo galego, é entidade de referencia na comunidade, e isto permite que esté nas organizacións estatais e internacionais, onde representa ás cooperativas e potencia o cooperativismo. Ademais, ten vocación de influír na sociedade e de contribuír aos cambios sociais, porque as cooperativas son un modelo óptimo para o desenvolvemento socioeconómico dos territorios e para realizar tanto proxectos profesionais como doutro tipo.

EspazoCoop colabora e traballa para consolidar a economía cooperativa, a que pon no centro ás persoas, a democracia, a participación, a colaboración, o desenvolvemento sostible e a responsabilidade social.





# MISIÓN, VISIÓN, VALORES

## MISIÓN

A unión de cooperativas é unha entidade de carácter empresarial, configurada como asociación sen ánimo de lucro, de ámbito galego, que está integrada por cooperativas de distintas clases e multisectorial, inspirada nos principios cooperativos e os seus valores e que ten como obxectivo, agrupar, representar, impulsar, fomentar a intercooperación, e defender os intereses das súas cooperativas socias e das persoas que as constitúen, así como a divulgación, fomento e consolidación do cooperativismo, como ferramenta de desenvolvemento socioeconómico, no marco da economía social e solidaria.

## VISIÓN

EspazoCoop aspira a ser a entidade de referencia no ámbito do cooperativismo galego, no marco da economía social e solidaria, con vocación de influencia na sociedade e de transformación social, consolidando os valores e principios cooperativos e colaborando na consecución dunha economía baseada na primacía das persoas, o desenvolvemento sostible e a responsabilidade social.

## VALORES

A unión de cooperativas ten como referencia e marco de funcionamento os seguintes principios e valores compartidos, que forman parte da súa cultura e identidade:

- Aberta e non discriminatoria.
- Autonomía e independencia.
- Proactividade e participación.
- Interese pola comunidade, responsabilidade social e sustentabilidade.
- Solidariedade, cooperación, axuda mutua, traballo digno e en equipo, colaboración e intercooperación.
- Empatía coas persoas e entidades usuarias, cercanía e proximidade.
- Franqueza, honestidade, transparencia e xestión ética.
- Innovación, mellora continua e excelencia.
- Autoestima.
- Formación continua.
- Igualdade de xénero.
- Defensa da cultura e da lingua galega.

# AS SOCIAS EN CIFRAS

Na Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop asociamos a máis de **200** cooperativas de diversos sectores de actividade económica que están distribuídas por toda a comunidade coas seguintes cifras por provincia :
**A Coruña 98 cooperativas, Pontevedra 67 cooperativas, Ourense 23 cooperativas e en Lugo 12.**

**200** COOPERATIVAS SOCIAS

**22** NOVAS ALTAS EN 2019

**168** COOPERATIVAS DE TRABALLO ASOCIADO

**26** COOPERATIVAS DE ENSINO

**05** COOPERATIVAS DE CONSUMO

**01** COOPERATIVAS DE EXPLOTACIÓN COMUNITARIA DA TERRA

PERSOAS COOPERATIVISTAS

**2.452**

SOCIAS TRABALLADORAS

**1.224**

SOCIAS DE CONSUMO E SERVIZOS

**1.228**



# Distribución de cooperativas por número de socias



**140**

COOPERATIVAS DE 2 A 5 SOCIAS

**31**

COOPERATIVAS DE 6 A 10 SOCIAS

**19**

COOPERATIVAS DE 11 A 25 SOCIAS

**4**

COOPERATIVAS DE 26 A 50 SOCIAS

**6**

COOPERATIVAS MÁIS DE 50 SOCIAS

# DIVULGACIÓN E PROMOCIÓN COOPERATIVA



" Máis de 1.055 persoas beneficiarias directas, 40 entidades colaboradoras, e 62 accións en 2019"

# Fomento da cultura cooperativa, en colaboración con axentes sociais

EspazoCoop participa en actos, eventos, e accións de divulgación, promoción, e sensibilización do cooperativismo en colaboración con organizacións, entidades e axentes sociais da comunidade galega. Destacamos algunhas destas participacións e colaboracións.

**Fundación Érguete** | Taller de Emprendemento Cooperativo [ Vigo ]  2 edicións

**Fundación Ceida** | Taller de Emprendemento Cooperativo (Emprego Verde nas Reservas da Biosfera) [ Oleiros ]

**Colexio Enxeñeiros Técnicos Industriais de Galicia** (COETICOR) | Xornada sobre cooperativismo [ A Coruña ]

**Feira das Industrias Culturais** – CULTURGAL | Expositor de iniciativas de cooperativas e empresas de economía social do sector cultural e de promoción do cooperativismo [ Pontevedra ]

**Universidade de Santiago de Compostela**
- Xornada de peche do Proxecto ApS (Aprendizaxe Servizo) [ Santiago de Compostela ]
- Programa de Prácticas: Situación económica e financeira de cooperativas e finanzas éticas.

**Centro de Estudios Cooperativos Cecoop** | Xornada Coñeces a economía social? . Xogo de creación de empresas #ASOLUCIÓNCOOPERATIVA! [ Santiago de Compostela ]

**Instituto Galego de Formación e Innovación Docente** -INGAFID- | Xornadas de orientación académico-profesional 'E agora que' [ Santiago de Compostela ]

**Universidade da Coruña**
- Titorización de Prácticas de Mestrado de Socioloxía
- Facilitación de información para Traballos de Grao e Teses Doutorais sobre cooperativismo

**Universidade de Vigo**
- I Feira de Emprego da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
- Programa de Prácticas (Mestrado Interuniversitario de Economía)

**Pont Up Store** | Espazo de Emprendemento [ Pontevedra ]
- Xornada de Cooperativismo Cultural como Elemento Transformador.






# FOMENTO DA CULTURA COOPERATIVA EN COLABORACIÓN CON AXENTES SOCIAIS

**Concello de Santiago de Compostela** | Programa Economía Social de Compostela | “Batidos Sinérxicos” [ Santiago de Compostela ]

**Concello de Cangas** | Mostra do Posible.  [ Cangas do Morrazo ]

**REAS Galicia** | IV Encontro de Economía Alternativa e Solidaria de Galicia. [ Coles - Ourense ]

**Asociación Plataforma para o Emprego** | Módulo formativo sobre Emprendemento Cooperativo [ Santiago de Compostela ]

**Asociación Acción Laboral** | Taller Emprendemento Cooperativo [ Vigo ]

**Obradoiro de Emprego de Melide** | Taller de emprendemento cooperativo.  [ Melide ]

**Programa Eixo, xestionado por Igafid** | Taller de emprendemento cooperativo. [ Ordes ]

**Colexio de Traballo Social** | Charla sobre cooperativismo. [ Santiago de Compostela ]



# Sensibilización cooperativa, en centros de ensino secundario.



## PROGRAMA OPERATIVO DE INCLUSIÓN SOCIAL E ECONOMÍA SOCIAL (POISES)

**IES Fernando Wirtz** | A Coruña | Taller de Emprendemento Cooperativo.

**CIFP Imaxe e Son** | A Coruña | Taller de Emprendemento Cooperativo. 4 edicións

**IES Eusebio da Guarda** | A Coruña | Taller de emprendemento cooperativo.

**CIFP Someso** | A Coruña | Taller de emprendemento cooperativo. 11 edicións

**CFEA Guísamo** | Bergondo | Taller de emprendemento cooperativo.

**IES Paz Andrade** | Vigo | Taller de emprendemento cooperativo.

*O Programa Poises está financiado polo Fondo Social Europeo e convocado por CEPES, a Confederación Española para a Economía Social.

## PROGRAMA DE FOMENTO DA ECONOMÍA SOCIAL, A INNOVACIÓN E O DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE NA GALIZA RURAL 2019-2020

**IES Rio Cabe - IES A Pinguela - IES Daviña** | Monforte | Seminarios de introducción á economía social. 3 edicións | Obradorio emprender no rural dende a economía social. 3 edicións

**IES Laxeiro** | Lalín | Seminario de introducción á economía social

**IES Val do Asma** | Chantada | Seminario de introducción á economía social | Obradorio emprender no rural dende a economía social.

**IES 12 de Outubro** | Ourense | Seminario de introducción á economía social Obradorio emprender no rural dende a economía social.

*Programa promovido pola empresa de economía social DAVEIGA.




## Programa Semente “unha empresa na miña escola”

**SEMENTE é un Programa educativo que pretende fomentar os valores da economía social e a aptitude emprendedora a través da creación e xestión dunha cooperativa escolar na aula entre o alumnado de Primaria e de Educación Especial na cidade da Coruña.**

Os seus obxetivos perseguen :

- Desenvolvemento de capacidades emprendedoras.
- Conexión entre a escola e a empresa.
- Impulsar o coñecemento do comercio xusto e da economía social.
- Realizar unha aprendizaxe transversal nun contexto creativo e lúdico.
- Adquirir hábitos de comportamento autónomo en relación co traballo e orientados a relacións interpersoais.
- Coñecer as normas de funcionamento grupais.

**Formación**
285 alumnas, 13 cooperativas, 9 colexios participantes, 36 horas de formación.

**Mercado**
354 alumnas, 16 cooperativas, 9 colexios participantes, 32 horas formación cooperativa, 16 horas formación elaboración produto.

*Programa promovido polo Concello da Coruña

# PROGRAMA SEMENTE

Fase I: **Formación** do alumnado, a través de sesións de capacitación sobre cooperativismo e sesións prácticas para traballar a elaboración dos produtos.

Fase II.- Realización do **Mercado Cooperativo.**



# Galicia Rexión Amiga da Economía Social

O 5 de xuño de 2019 celebráronse os actos polo recoñecemento de **Galicia Rexión Amiga da Economía Social 2019** pola **Comisión Europea**, nos que participa e colabora a Unión de Cooperativas EspazoCoop e as demais entidades asociadas do Foro pola Economía Social Galega: Agaca (Asociación galega de cooperativas agroalimentarias), Aesgal (Asociación empresarial de sociedades laborais), Aeiga (Asociación de empresas de inserción) e Cegasal (Asociación galega de centros especiais de emprego).O evento foi impulsado pola Xunta de Galicia a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

O programa incluía a conferencia 'O Futuro da Economía Social', o acto de constitución do **Foro pola Economía Social Galega**, unha comida-networking, un concerto de Guadi Galego e na tarde o relatorio 'Liderando a través da Comunicación'. Interviron unha representante da Comisión Europea, da Confederación Empresarial Española da Economía Social -Cepes-, e da Xunta de Galicia que presentou a Estratexia da Economía Social en Galicia.

Coa constitución formal do Foro pola ES Galega nomeouse como voceiro a Celso Gándara -membro do consello reitor da Unión de Cooperativas-.

O evento Galicia Rexión Amiga da Economía Social contribuiu á visibilización pública da Economía Social e do Cooperativismo na nosa comunidade, as aportacións para o desenvolvemento económico e social, e para a creación de emprego estable e de calidade.

### Obxetivos do evento

Visibilizar na sociedade en xeral a Economía Social como un sector específico dentro da economía europea, española e galega.

Mostrar as marcas e empresas da economía social, como unha alternativa de consumo e compra.

Xerar espazos de intercooperación entre as entidades de economía social galegas.



# CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN COOPERATIVA



# Informar, orientar e acompañar no emprendemento cooperativo

Un servizo permanente ao longo de todo o ano para aquelas persoas que teñen proxectos e iniciativas de emprendemento, dende o que se realizan derivacións á oferta formativa específica de EspazoCoop para grupos pre-cooperativos.

A Unión é un **punto de información e asesoramento en materia de creación de cooperativas en Galicia**, con atención persoalizada dende a orientación inicial ata o acompañamento no plan de viabilidade empresarial e societario dos proxectos cooperativos, pasando polas liñas de financiamento, trámites de constitución, formación, e as axudas.




Acreditada como entidade da **Rede Eusumo** EspazoCoop mantense como un referente no impulso e promoción do cooperativismo para informar, orientar e acompañar en procesos de creación de cooperativas.



A Unión, no marco do **Programa Creces-Cepes**, tamén impulsou o acompañamento especializado a proxectos de emprendemento cooperativo para analizar a súa viabilidade no marco deste programa.

E como entidade integrante do **Pacto Local polo Emprego do Concello da Coruña**, prestou servizos de información e acompañamento municipal para persoas con proxectos cooperativos.

**Emprendemento cooperativo 2019**

- Proxectos : 71
- Persoas atendidas : 212
- Cooperativas constituídas : 17
- Emprego cooperativo creado : 42




## Plataforma para Detección de Oportunidades de Negocio na Economía Social [ Laces – economía social ]

A Plataforma para a **Detección de Oportunidades de Negocio na Economía Social** na Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal, que arrancou en 2018  continúa en 2019 como un instrumento a disposición do emprendemento e das persoas interesadas, posto a disposción desde o Proxecto LACES – Economía Social, liderado pola Xunta de Galicia e do que Espazocoop fai parte, sendo socia xunto a Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela, a UTAD – Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro, a Cámara Municipal de Santo Tirso, a In.Cubo – Incubadora de Iniciativas Empresariais Inovadoras, Tec Minho, Agaca e Aesgal.

Na **Plataforma Laces Economía Social** atópanse informacións útiles para o campo da economía social, tanto en novos sectores emerxentes como nos máis tradicionais.



## Recursos para Maduración e Deseño de Oportunidades de Negocio: Consolida_ES

Unha ferramenta web para madurar e consolidar proxectos empresariais baixo modelos empresariais de economía social que se realizou dentro do programa LACES na Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal, co obxetivo de favorecer a creación de empresas e postos de traballo de calidade no espazo transfronteirizo.

**CONSOLIDA_ES** conta con 3 tipos de aplicacións: 1| Plan de empresa e  Canvas 2| Plan de mellora  3| Responsabilidade social.
Plataforma: CONSOLIDA_ES.








## Da Crise á Autoxestión

"Da Crise á Autoxestión" é unha Guía de empresas recuperadas polo cooperativismo en Galicia elaborada pola Unión de Cooperativas EspazoCoop a finais do pasado ano.

Recolle 30 casos de cooperativas galegas e 8 entrevistas ás protagonistas, as cooperativistas que levaron a cabo a recuperación e o mantemento do emprego a través do modelo cooperativo.

A Guía complétase cun último apartado de material de apoio sobre a materia.

A Unión pretende, coa elaboración desta Guía en formato dixital, recoller boas prácticas de empresas cooperativas que mantiveron as actividades económicas, de tal xeito que se visibilice o papel que o modelo cooperativo está a xogar no mantemento do emprego, na continuidade e recuperación da actividade das empresas e o seu rol destacado na resistencia ás crises, ao tempo que complemente outros materiais xa existentes sobre transformación de sociedades mercantís en empresas de economía social, manuais de divulgación da economía social en Galicia, etc. .

Así mesmo, permitirá dar a coñecer as principais dificultades e factores de éxito dos proxectos recuperados, para que podan servir de referencia a novos proxectos nas mesmas circunstancias.

[ Acción enmarcada na programación da Rede Eusumo  Xunta de Galicia ]

30 casos de cooperativas, entrevistas a socias e información adicional



# Favorecer e incrementar a intercooperación

## Economía Social Meeting

A Unión favorece espazos para que as cooperativas podan coñecerse, colaborar e crear oportunidades que xeneren actividade económica ou outras posibilidades de intercooperación que resulten beneficiosas.

Un dos obxetivos de 2019 foi facilitar as relacións e a conexión entre cooperativas e entidades de economía social, e para elo EspazoCoop lidera a organización de 5 edicións de **Economía Social Meeting** na cidade de Santiago de Compostela.

Ademais, en colaboración coas entidades do Foro pola Economía Social Galega celébranse outros 7 Meetings durante 2019 nos que participan as cooperativas socias.

[ Acción enmarcada na programación da Rede Eusumo  Xunta de Galicia ]

## [ Meetings ]

**Axudas do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e o Consumo de Enerxía Verde a través da cooperativa Nosa Enerxía.**

**Axudas Programa APROL Economía Social 2019.**

**Sector da Consultoría Social na ES.**

**Sector da Cultura na ES.**

**Procesos de Internacionalización.**

BENEFICIARIAS
58 entidades | 73 persoas



# Aceleradora [ economía social - Laces ]

Un programa de **soporte e acompañamento a proxectos empresariais cooperativos e de economía social**, mediante formación, asesoramento, titorización e apoio na captación de fondos, para:

1| Impulsar o nacemento de novos proxectos de emprendemento.

2| Consolidar cooperativas e empresas de economía social en funcionamento.

*"A Acelerada orientouse a proxectos en fase de lanzamento ou expansión da súa actividade. Foron atendidos **7 proxectos cooperativos e de economía social**"*

A Aceleradora está orientada a proxectos en fase de lanzamento ou expansión da súa actividade.

No programa, posto en marcha no último trimestre de 2018 e desenvolvido en 2019, foron beneficiarios sete Proxectos: **seis cooperativas en funcionamento e un proxecto pre-cooperativo.** Os proxectos seleccionáronse en base a criterios como o grao de innovación, aceleración, financiamento e investimento, e tamén ao potencial do equipo que forma o proxecto.

Participaron cooperativas con actividade en campos como a Restauración e Reciclaxe de Mobiliario, Decoración e complementos; Asesoramento a talleres de Automóbiles; Asesoramento e consultoría no ámbito da Economía Social; Mercadotecnia Dixital; Servizos Medioambientais; e Servizos de Intercambio de produtos e servizos.

As fases do programa da Aceleradora Economía Social Laces marcaron o proceso de acompañamento a empresas cooperativas, en base á seguinte secuencia:

**Fase 1. Evento de exposición de proxectos**
Un xurado selecciona as ideas e proxectos con potencial para a maduración e aceleración.

**Fase 2. Aceleradora**
Acompañamento ás cooperativas e pre-cooperativas seleccionadas, mediante formación, titorización e asesoramento individualizado a cada caso.

**Fase 3. Foro de investimento**
Apoio na captación de fondos.

Seguiuse un Plan de Traballo definido e realizáronse sesións de traballo periódicas cos equipos de cada proxecto.

[ Acción enmarcada no Programa Laces Economía Social. Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal. ]



# Programa Bolsas de Apoio á Mellora

**BENEFICIARIAS**

6 Cooperativas
1 Entidade de economía social




**[Bolsas de Apoio á Mellora está enmarcado na programación da Rede Eusumo - Xunta de Galicia]**

A Unión, un ano máis puxo en marcha un Programa de Bolsas para prestar apoio ás cooperativas na xestión empresarial e societaria, mediante a elaboración de **Plans de Mellora participados** que poden favorecer o crecemento das cooperativas beneficiarias deste programa en 2019.

Mediante a incorporación nas cooperativas, de **persoas con formación na área empresarial**, estas realizan **prácticas titorizadas** polo equipo técnico de Espazocoop, e deste modo prestouse apoio no ámbito xerencial e nos procesos de mellora que precisaron as cooperativas durante 4 meses.

Nesta edición recibíronse 18 demandas que pasaron o proceso de selección.

A finalidade do programa é dobre, mellorar as condicións nas que as cooperativas abordan a función xerencial e impulsar procesos de mellora e crecemento, e tamén fomentar o emprego mellorando a capacitación de mozos-as mediante un proceso de iniciación profesional nas cooperativas e organizacións de ES.



# Mostra de iniciativas da economía social
# Pop Ups Vigo // Coruña




O Mercado do Progreso de Vigo e o Mercado de San Agustín da Coruña acolleron en Maio e Novembro respectivamente o **Espazo Efémero POP UP, feira da economía social** dinamizada pola Unión de Cooperativas EspazoCoop.

Participaron proxectos empresariais de Economía Social en fase de creación e consolidación, co obxetivo de expor seus produtos e servizos e obter unha experiencia real de venda coa que adquiriron unha aprendiaxe para perfeccionar o seu modelo de negocio.

A programación incluiu exhibición de produtos e servizos que foron testados na feira, diversas actividades dirixidas a fomentar e dar a coñecer a economía social: sesións de presentación de cooperativas participantes; información ao público sobre economía social; actividades para menores e familias en diferentes Obradoiros, degustación de produtos da economía social e actuacións musicais.

Ademais, as entidades participantes na Mostra contaron cun programa específico de formación e asesoramento comercial especialmente adaptado as súas necesidades como cooperativa.

**BENEFICIARIAS**

13 Cooperativas
2 Entidades de economía social

[ Os Pop Ups están enmarcados no Programa LACES - Economía Social Galiza-Norte de Portugal ]










## Seminario de presentación da Axenda do Sector TIC en Portugal

A Unión de Cooperativas Galegas Espazocoop presenta o 17 de outubro de 2019 a axenda sectorial das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) de economía social de Galicia e o Norte de Portugal na localidade lusa de Vila Real. O documento, exposto no Seminario "Para chegar ao reino da economía social", recopila obxetivos e accións estratéxicas para o estímulo da creación e o fortalecemento de empresas de economía social das TIC e da industria 4.0 nun contexto de "cambio de paradigma".

[ Prospectiva sobre economía social e identificación de oportunidades de negocio, no marco do programa Laces-Economía Social Galiza-Norte de Portugal ]

Beneficiarias: 80 persoas e 27 entidades

53 participantes | 13 entidades | Portugal
27 participantes | 14 entidades | Galicia

## Seminario de presentación da Axenda do Sector TIC en Galicia

Presentación da Axenda Sectorial das Tecnoloxías da Información e da Comunicación da Economía Social de Galicia e o Norte de Portugal no Mercado de San Agustín da Coruña, no marco da Mostra de Iniciativas de Economía Social POP-UP a finais de 2019.

Impulsar o rol das TIC como "activo transversal para modernizar o tecido produtivo e superar retos sociais". Ademais, sinalouse a necesidade de favorecer a dixitalización para "favorecer un salto de escala". A definición dun plan estratéxico para conseguir esta meta é, precisamente, un dos eixos rectores da axenda, elaborada co obxetivo de estimular a creación de empresas TIC e fortalecer o crecemento das existentes a partir da chegada de solucións ás principais debilidades e amenazas que enfrentan as entidades deste campo na Eurorrexión. Presentáronse ademais as Axendas de Turismo, Servizos Sociais e varias experiencias e boas prácticas nestos sectores.

# Servizo de orientación e apoio na xestión das cooperativas

En 2019 as cooperativas socias empregaron o servizo de consultas para a xestión da Unión, que aborda temas xurídicos e societarios, contables, fiscais, laborais, sobre axudas específicas para o sector cooperativo e outras liñas, como realizar funcións de intermediación coa administración para as cooperativas asociadas que o precisen.

64 SOCIETARIAS - ORGANIZATIVAS

20 LABORAIS

35 XURÍDICAS - NORMATIVAS

54 CONTABLES E FISCAIS

71 AXUDAS E SUBVENCIÓNS

84 SECTORIAL COOPERATIVAS DE ENSINO

69 ASESORÍA XURÍDICA DE EDUCACIÓN

7 MEDIACIÓN COA ADMINISTRACIÓN

Consultas: 404 | Cooperativas atendidas: 159



# Servizos de Finanzas Éticas



## Coop57 Galicia [ servizos éticos e solidarios ]
## Datos 2019

**12**

**PRÉSTAMOS APROBADOS**

**476.000 €**

**IMPORTE DE PRÉSTAMOS**

**18**

**SOLICITUDES ATENDIDAS**

En 2019, a través de COOP57 SERVIZOS FINANCEIROS ÉTICOS E SOLIDARIOS, continúase prestando servizos de finanzas éticas, incrementando o número de préstamos, o volume de aforro e as socias - 186, entre colaboradoras e de servizos -.

Espazocoop é punto de información e asesoramento de Coop57 Galicia.

# Programa de Formación de EspazoCoop

A oferta formativa da Unión en 2019 contou cun programa de **35 accións en materia cooperativa** nas modalidades de formación presencial, teleformación e teleformación mixta, orientadas a persoas cooperativistas e a persoal contratado de empresas cooperativas e para público interesado en xeral.

Unha programación **destinada prioritariamente a socias, socios, e persoas asalariadas de cooperativas**, pero tamén a:

- Socias e traballadoras doutras empresas de economía social.
- Grupos de persoas con interese no emprendemento cooperativo.
- Persoal técnico de organizacións relacionadas co emprego.
- Estudiantes de formación profesional e ensino secundario.
- Persoas universitarias.
- Asesorías e xestorías.
- Público interesado no cooperativismo en xeral.

**ACTIVIDADES FORMATIVAS**

35

**HORAS DE FORMACIÓN**

945

**COOPERATIVAS USUARIAS**

93

**BENEFICIARIAS**

626







## Programación formativa en 2019

24 EN MODALIDADE PRESENCIAL
4 EN MODALIDADE TELEFORMACIÓN MIXTA
7 EN MODALIDADE TELEFORMACIÓN

**Formación cooperativa para persoas que queren emprender** | 7 edicións.

**Por que non traballamos en equipo?** | 2 edicións.

**Elabora o teu plan de empresa cooperativo** | 4 edicións.

**Habilidades para a xestión do conflito** | 2 edicións.

**Contabilidade para o emprendemento cooperativo**

Programa de formación especializada xerencial | 3 edicións.

- Módulo: **Liderado Cooperativo e Xestión de Equipos.**
- Módulo: **Sácalle Partido! Comercia, Comunica e Vende.**
- Módulo: **Fiscalidade Cooperativa Avanzada.**

**Cooperativas de Ensino como alternativa de emprego.**

**Responsabilidade social empresarial nas cooperativas** | 2 edicións.

**Regulamento de réxime interno en cooperativas** | 2 edicións.

**Asembleas e reunións** | 2 edicións.

**Xestión de cooperativas de traballo**.

**Iniciación á cooperativa de traballo asociado** | 2 edicións.

**Dinamización do cooperativismo nun sector potencial** | 3 edicións.

**Formación titoras xerenciais en empresas de economía social.**

**Ferramentas de financiamento ético e alternativo.**

**Creación e consolidación de empresas de economía social a través das Tic.**






## Liderado Grupal: Estratexias para equipos de traballo en centros de ensino

A Unión de Cooperativas EspazoCoop, a través da Sectorial de Ensino, organizou a **xornada Liderado Grupal: Estratexias para equipos de traballo de centros de ensino**, o Sábado 4 de Maio de 2019 en Santiago de Compostela. Estivo orientada fundamentalmente ás cooperativas de ensino asociadas, e aos centros de ensino de economía social de Aces Galicia.

Con esta formación buscouse reflexionar e mellorar as capacidades e as estratexias para o Traballo Colaborativo no centro de ensino (flexibilidade e eficiencia).

Tamén deuse a coñecer o Proxecto 'Escolas Sostibles' (sensibilización ambiental, ecoauditorías escolares, auditorías de centro, plans de mellora ambiental, … e mesmo como aforrar enerxía e ser máis eficiente enerxéticamente).

*Actividade no marco da programación da Rede Eusumo.

Beneficiarias: 32 | Cooperativas: 10

## As Cooperativas Culturais: Resposta ós Retos do Sector Cultural

A Sectorial de Cultura de Espazocoop celebra unha **xornada sobre cooperativismo cultural** no marco da programación de Pont Up Store e da Rede Eusumo o xoves 19 de setembro de 2019 en Pontevedra.
A xornada marcouse como obxetivos:

- Dar a coñecer a realidade do cooperativismo cultural en Galicia e noutros territorios.
- Identificar solucións creativas para consolidar empresas cooperativas das industrias culturais.
- Favorecer o intercambio de proxectos culturais e axentes do sector.
- Ofrecer un contexto propicio para a colaboración e a intercooperación nas súas diversas vertentes.

Con Mesas de experiencias, Encontro con representantes de institucións do Sector Cultural, Café networking, e Visita a unha cooperativa.

Beneficiarias: 36 | Entidades: 30 | Cooperativas: 14






## Financiamento ético e cooperativo

Un encontro sobre finanzas éticas e cooperativas realizado no marco do convenio de colaboración co Concello da Coruña e dentro do Servizo de Asesoramento Financeiro.

Os obxetivos para esta xornada foron:
>> Dar a coñecer entidades de financiamento responsable entre as persoas promotoras dos proxectos participantes.
>> Presentar proxectos de emprendemento, preferentemente colectivo e cooperativos, ante un foro de financiamento.
>> Favorecer un networking efectivo para promotores, empresas, persoas autonomas e entidades de financiamento, que permitan afondar no coñecemento mutuo e o establecemento de redes de colaboración.

Contouse cun Panel de Entidades de Financiamento no que participaron:
Fiare Banca Ética | Caixa Rural Galega | Triodos Bank: Banca ética e sostible | Cajamar Caja Rural | Ais O Peto Coop57

Beneficiarias: 24 | Proxectos empresarias: 10

## Novas Economías: é colaboración todo o que o parece?

Xornada realizada en colaboración coa Fundación Érguete-Integración, no marco da programación da Rede Eusumo, na que se trataron propostas emerxentes que nacen como resposta aos grandes retos sociais e medioambientais.

Presentáronse iniciativas das denominadas: Economía do Ben Común, B-Corporations, Economía Circular, da Funcionalidade, Feminista, Positiva, Procomún, Colaborativa, Social e Solidaria, Economía Azul, Verde...

Con charlas, casos, e debate ao redor desta temática, participaron máis de 10 organizacións: Foro pola Economía Social Galega, cooperativa Medatlántia, Reas Galicia, Coop57 Galicia, Arçs cooperativa, cooperativa Árbore Consumo Consciente, empresa de inserción Cormo Integral Érguete, centro especial de emprego Galega de Economía Social, plataforma colaborativa Ben Mercado, cooperativa Mulleres Colleiteiras, Fundación Érguete, Sudirección xeral de Economía Social e a Unión de Cooperativas EspazoCoop.

Beneficiarias: 37 | Entidades: 20 | Cooperativas: 10






## Enraizar nas persoas: xornada de consumo responsable

Iniciativa impulsada dende EspazoCoop e a cooperativa de consumo responsable Zocamiñoca que promocionou fórmulas e proxectos para un consumo responsable xurdidas no ámbito da economía social e o cooperativismo.

As xornadas de dous días deron a coñecer distintas entidades, plataformas, produtos, servizos e o impacto que xeran como opcións de consumo na creación de emprego e no seu mantemento, e realizouse no marco do convenio de colaboración co Concello da Coruña.

A través delas abriuse un espazo de debate e reflexión sobre cales son os principais retos do consumo responsable, se todo o que se nos presenta como ecolóxico é ambiental e sostible.

Tratouse que podemos facer as consumidoras/es para asegurarnos de que os nosos actos de consumo son responsables e benefician á nosa contorna, e tamén como participar en procesos de decisión sobre consumo de produtos e bens de necesidade cotiá.

Beneficiarias: 97 | 10 cooperativas

## Asesoramento financeiro e finanzas éticas e cooperativas

Servizo de apoio sobre financiamento de novos proxectos de emprendemento e do sector da economía social e solidaria, no ámbito do convenio co Concello da Coruña, que ofreceu información e divulgación sobre as posibilidades e produtos que se ofrecen desde a Banca Ética e as Finanzas Cooperativas.

Con especialmente atención aos proxectos vencellados á economia social e solidaria, á sostibilidade, ao medioambiente, etc.

Na área financeira habitualmente existen carencias importantes nos proxectos, polo que a facilitación ao acceso a liñas de financiamento impulsadas por estas entidades de carácter ético son unha alternativa.

O servizo promoveu a alfabetización financeira entre a persoas emprendedoras, grupos promotores e proxectos empresariais en fase de incubación nos viveiros de empresa municipais da Coruña.

Entidades beficiarias: 6 | Cooperativas: 2

# Asemblea da Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop

Na Unión de Cooperativas EspazoCoop as asembleas de socias son espazos de encontro nos que as asociadas poden participar, intercambiar, intercooperar, coñecerse e conectar.

Nelas realízase o exame da xestión anual e ademais permiten a participación e a toma decisións sobre a súa planificación e sobre os asuntos que afectan á marcha da Unión.  Estes espazos, ademais, posibilitan a recollida de demandas, suxestións e necesidades que se tratan de canalizar.

En 2019 celebrouse a **Asemblea xeral** o 5 de xuño para rendir contas e tratar asuntos formais e obrigatorios propios da asemblea. Realizouse no marco da **xornada "Galicia Rexión Amiga da Economía Social",** e da realización simultánea das asembleas das entidades que integran o Foro pola Economía Social Galega.



**ASEMBLEA XERAL 2019**

47 Cooperativas socias
80 Persoas participantes

En 2019 un dos puntos centrais da Asemblea foi a celebración de **eleccións ao Consello** do que resultaron cambios, un novo equipo no consello reitor formado por 9 cooperativistas, e con cambio na presidencia, saíndo electa Ana Olveira Blanco (Abeluria s. coop. galega).



Destacar ademais que se  realizou un **recoñecemento ás cooperativas socias** de Espazocoop cunha traxectoria de **máis de 30 anos.**  Nesta parte acompañou o presidente da Confederación Empresarial Española de Economía Social (Cepes) e de Social Economy Europe, Juan Antonio Pedreño; Carmen Comos, Directora de Cepes, e Covadonga Toca Carús da Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia, que fixeron entrega dun agasallo ás cooperativas homenaxeadas.



# Sectorial de Ensino

Formada por **26 cooperativas de ensino socias da Unión**, participan en 2019 de maneira activa en varios espazos e organizacións vinculadas ao mundo cooperativo e educativo.

1| Nos órganos dos consellos reitores e na asemblea de **UECOE** a **Unión Española de Cooperativas de Ensino** (4 consellos, e 1 asemblea anual), así como na Xornada “Claves para o éxito da innovación e mellora educativa nos centros docentes”, celebrado en Madrid o 1 de abril, e que na que se proporcionaron orientacións para promover unha innovación e actualización pedagóxica eficaz e continuada nos centros docentes, expoñendo experiencias de éxito en centros da UECOE que están a traballar neste eido. Polo que respecta ao labor de representación ante a Administración Pública, nomedamente, ante o Ministerio de Educación e Formación Profesional, salientar o traballo realizado na presentación das enmedas ao anteproxecto da nova Lei Orgánica de Educación, e que tiveron como eixo vertebrador a defensa da figura do cooperativismo de ensino como unha referencia con persoalidade propia dentro do colectivo do ensino concertado, poñendo en valor tanto a súa singularidade como entidades de economía social, como aqueles elementos que a diferencian do resto de fórmulas que se integran dentro do campo da educación concertada, circunstancias que nos que nos configuran como unha terceira vía dentro da dicotomía entre o ensino público e o concertado.

Destacar tamén, a nivel organizativo, o relevo na presidencia da Unión, mediante o nomeamento de Javier Martínez Cuaresma en representación da UCETAM, substituindo no cargo a Carlos Sierra Sosa, que viña desempeñando o mesmo dende o ano 1997.
